

NORMATIVA E RECOMENDACIÓNS PARA A VISITA

Cada ano pasan por esta illa miles de persoas, así que cada actuación individual múltiplicase por miles. Por eso é tan importante que teñas en conta esta normativa.




Leva o teu lixo de volta. Na illa non hai colectores de lixo, polo seu impacto visual e polos problemas ambientais que supoñen o transporte e o almacenamento de residuos. Cada visitante debe levar os seus residuos ó porto de orixe.




Apaga ben as cabichas e lévallas moi daniño e especialmente difícil constitúen un residuo acampar.



Non se pode acampar.



Non arrinques flores ou froitos, xa que son necesarios para o desenvolvemento das plantas e ademais son alimento para algúns insectos e aves.



Esta prohibido introducir animais (agas cans guía), pois poden escarvar raíces de plantas, cazar outros animais etc.



Non está permitido acender ningún tipo de lume.



Non fagas ruidos que alteren a tranquilidade natural do lugar; resulta molesto para os outros visitantes e para a fauna.



Non circules fora dos camiños pois provoca que se pisén plantas e que, ao abrir atallos, aumente a erosión.




Non molestes ós animais. Non se lles debe dar de comer ás aves nin ós peixes, xa que pode causarlles enfermidades e cambiarlles os seus costumes de alimentación. Tampoco se poden arrincar os seres vivos das rochas: mexillóns, lapas,...



A pesca deportiva está prohibida.



Non levas as cunchas das praias xa que aportan os nutrientes necesarios para as plantas das dunas, fundamentais contra a erosión das praias.



Para navegar, fondear ou practicar mergullo é necesaria a autorización do Parque Nacional.

Lei 15/2002, Decreto 274/99, lei 42/2007.

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Arquipélago de Sálvora



Dalle unha nova vida ó teu folleto. Devólveo na caseta de información.

Ecr. 2020. Papel reciclado 100%



SABÍAS QUE...?

O Faro de Sálvora estivo habitado polos fareiros ata o ano 2018. A súa pesada óptica amplifica a luz da lámpada e xira sobre unha enorme cuba de mercurio que diminúe o rozamento e faina xirar con menor esforzo.



Imaxe: Fotografía exposta na sala - museo de Riveira

Nestas augas tivo lugar o trágico naufraxio do vapor Santa Isabel en 1921, onde morreron 213 persoas. Catro mulleres novas que vivían na aldea acudiron en dorna a colaborar no salvamento e foron condecoradas posteriormente cunha medalla da Orde Civil da Beneficencia.

OFICINA DO PARQUE NACIONAL: Edificio Cambón (entrada por R/ Oliva 3.Vigo) Tlf. 886218090
CENTRO DE VISITANTES: Edificio Cambón (entrada por R/ Palma 4.Vigo) Tlf. 886218082
Fax: 886218094 iatlanticas@xunta.gal www.parquenacionalillasatlanticas.com
https://es.es.facebook.com/ParqueNacionalIslasAtlanticasDeGalicia



DIFERENTES PAISAXES QUE CONECER NAS ILLAS

Na **zona interior** de Sálvora destacan na paisaxe os grandes bolos graníticos, de formas curiosas e recubertos de líques como o alaranxado *Xanthoria parietina*.



A **gávoa patiamarela** fai os niños nestas pedras ou nas zonas herbáceas entre elas. Procura non achegarte para non molestalas.



Tritón



Toxo



Lagarto arnal.



Arbúñeiro con froitos.

Noutras zonas do interior a matogueira é a vexetación dominante. Aquí as espiñas dos **arbúñeiros** (*Prunus spinosa*) e **toxos** (*Ulex europaeus subsp. latebracteatus*) crean refuxios para os **coellos** e os **lagartos arnais**.




Un Parque Nacional oculto baixo as augas

Este é un espazo protexido moi singular xa que a maior parte da súa superficie é mar. As illas de Cíes, Ons e Sálvora fan de barreira natural para protexer as rías baixas da natureza do océano, mentras que Cortegada se resgarda dentro da ría.



Límites do Parque Nacional
Superficie total 8480 ha

Sobre a area crecen dúas diminutas plantas que están en perigo de extinción, aínda que abundantes en Sálvora: son os **paxariños** *Linaria arenaria* e a **herba da agulla** *Erodium maritimum*.



A **herba de namorar**, que normalmente crece nos rochedos atopámola aquí nas dunas.



E nas rochas costeiras, cando baixa a marea, podes observar **ourizos**, **carangueiros**, lapas, etc.



E nas zonas máis chairas onde se acumula auga, fórmanse as charcas, imprescindibles para o desenvolvemento dos escasos anfibios da illa, como o **tritón** (*Discoglossus galgana*) e o **sapo pinto** (*Lissotriton boscai*).



Observa as formas dos bolos, grandes pedras graníticas que a través da erosión de miles de anos presentan formas que espertan a nosa imaxinación.




Na illa é frecuente ver os cabalos pastando, recordo do pasado gandeiro de Sálvora.



Os illotes que rodean Sálvora son parte das zonas de reserva que acollen a súa gran riqueza biolóxica. No illote de Noro contan que ía descansar a Santa Compañía durante a fin de semana.




As ruínas da aldea son as pegadas dunha comunidade que se instalou na illa no s.XIX. Mantívose ata os anos 60 cuns 70 veciños que se ocupaban das terras dos Mariño ós que tiñan que pagarlle coa metade da colleita e do gando. Pódense apreciar tamén os restos dunha segunda ocupación dos anos 70. No ano 2006 fíxose unha actuación para recuperar algunhas vivendas e consolidar o resto das edificacións. Para visitar a aldea tes que ir cun guía acreditado ou con persoal do Parque.



Podes somerxerte nas augas da **praia do Almacén** coa axuda dunhas gafas de mergullo e verás gran cantidade de peixes. Para empregar cinto de chumbos lembra que precisas un permiso do Parque. Fíxate tamén como moitas especies viven pegadas ás rochas próximas á praia. Podes solicitarlle libros de identificación das especies ó persoal do Parque. Non molestes nin alimentos ós animais, nin tampouco arrinques nada das pedras.



O **Pazo e a Serea** foron construídos no S.XX pola familia Goián, descendentes da estirpe dos Mariño, propietarios da illa dende a Idade Media ata o ano 2007. O Pazo fíxose sobre un antigo almacén de salga do S.XVIII, onde aínda se poden ver os restos da antiga salgadura. A serea de Sálvora representa a lenda da orixe da familia dos Mariño.



O **faro de Sálvora** foi construído en 1921 tras o trágico naufraxio do vapor Santa Isabel, e aínda que o recinto do faro está pechado ó público podes admiralo dende o sendeiro que sae á dereita do portal.

RUTAS NO ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA

- Ruta do Faro
- Ruta da Aldea
- Peirao
- 03 Zona de evacuación

As dúas rutas saen dende o peirao.

— Alto de Milreu: Acceso non permitido entre o 15/03 e o 15/08.

Antes de empezar a camiñar, dalle a volta ó folleto e asegúrate de coñecer a normativa



Ruta do Faro

Distancia: dende o peirao ao faro: 1,2 Km Duración: (só ida): 30 min.
Dificultade: baixa

O camiño entre o peirao e o Faro percorre a zona sur da illa, entre grandes pedras graníticas chamadas bolos. Esta ruta está salpicada de lendas. Varios carteis informativos irán descubrindo por que hai unha serea na praia do Almacén, entre que rochas se agocha a Santa Compañía e a historia dun naufraxio ó pé do Faro. O edificio do Faro poderémolo admirar dende fóra do recinto. Regresaremos ó peirao polo mesmo camiño.



Ruta da Aldea

Distancia: dende o peirao á aldea: 1,7 Km Duración: (só ida): 40 min.
Dificultade: baixa

Polo camiño á antiga aldea de Sálvora só poderemos ir se nos acompañan **guías autorizados**. Neste percorrido pasarás pola fonte da Telleira, á que lle da nome unha antiga fábrica de tellas da que só quedan as ruínas. Antes de chegar a aldea observa o gran lavadoiro de pedra, onde as mulleres da aldea lavaban a roupa. E xa na aldea, fíxate na curiosa disposición das casas rodeando un espazo central común.

CONSELLOS PARA O CAMIÑO:
Leva auga, usa crema solar e unha gorra para facer as rutas.



+ INFO das rutas na web do Parque.

